



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2015

SESIÓN Nº 1/2015

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Moisés Rodríguez Pérez

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Vanesa Rodríguez Pereira.
Dorinda Olga Montes Moldes.
Marcelino Cendón Vázquez.
Manuel González Vázquez.
Jose Angel Villaverde Rocha.
Ángel Gutiérrez González
Raquel Lorenzo Pimentel.
Antonio Castro Negro

GRUPO MUNICIPAL ATT

Miguel Angel Capón Rey
María Beatriz Fernández García
Telmo González Ramos

GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE

Enrique Cabaleiro González
Carmen Paula Gómez Pérez

GRUPO MUNICIPAL BNG

Laureano Alonso Álvarez (incorpórase á hora
reseñada en acta)
José Martínez Tato

GRUPO MIXTO

Carlos Vázquez Padín

SECRETARIA

Irene Suárez López

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

AUSENCIAS NON XUSTIFICADAS:

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vintenove de xaneiro de dous mil quince, reúnen os/as Sres./as. Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, Moisés Rodríguez Pérez. Asiste a Secretaria da corporación, Irene Suárez López. Tamén está presente o interventor municipal, Aitor Iglesias Monzón. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Tras acreditar a existencia de *quórum* necesario para o inicio da sesión, o Sr. Alcalde, da por iniciada a mesma procedendo a tratar o primeiro punto da orde do día.

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN Nº 10/2014, DE 27 DE NOVEMBRO, ORDINARIA.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde comeza preguntando ós Sres. Concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión nº 8/2014, de 27 de novembro, ordinaria.

Sometida a acta a votación é aprobada por unanimidade dos membros presentes (15 votos).

2º.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRO DE D. ANTONIO CASTRO NEGRO.

De seguido e, de conformidade coa credencial remitida pola Xunta Electoral Central a nome de Antonio Castro Negro, procedese ao chamamento do dito concelleiro para que, baixo a fórmula do RD 707/1979 do 5 de abril, e de conformidade co establecido no artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, presten xuramento ou promesa.

O concelleiro Antonio Castro Negro xura o seu cargo e procede a ocupar o seu sitio no Salón de Sesións.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

A Secretaria da lectura ao ditame que obra no expediente e que, literalmente, di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

A Lei 25/2013, de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, supuxo a obrigatoriedade de implantación polas Administracións Públicas dun rexistro contable de facturas co obxecto de axilizar os procedementos de pagamento aos provedores e dar certeza das facturas pendentes de pago existentes.

Este control informatizado das facturas permitiu un seguimento rigoroso da morosidade e a súa avaliación, segundo ven esixido pola normativa estatal.

Nesta mesma liña de axilizar o mecanismo de pago, a Lei 25/2013, regula, con entrada en vigor o 15 de xaneiro de 2015, a obrigatoriedade de presentación da factura electrónica. Esta obriga exclúe a determinados provedores como as persoas físicas que non tendo constituída unha Sociedade Anónima ou limitada se relacionan coa administración Pública como provedores.

Non en tanto, cómpre ter en conta a existencia de pequenas empresas que aínda que constituídas como sociedades poden non dispoñer dos medios axeitados para dar cumprimento a obriga de presentación da factura electrónica.



Sendo conscientes de dita limitación, a lei estatal flexibiliza, á vontade das Corporacións Locais previa regulación regulamentaria, a obrigatoriedade de achega de factura electrónica para facturas de importe non superior a 5.000 €.

Á vista do exposto e da competencia plenaria en materia de aprobación das Bases de Execución do Orzamento do Concello, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. *Aprobar inicialmente a modificación das Bases do Orzamento do Concello de Tui vixentes, mediante a introdución da nova Base 19ª BIS.*

Segundo. *Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo).*

Terceiro. *Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobada.*

Sendo as 20:08 minutos incorpórase á sesión o concelleiro Laureano Alonso Álvarez.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di se trata dun asunto eminentemente técnico e xurídico, pero considera que non é algo positivo comezar por implantar un tema con excepcións, aínda que tamén é certo que o estado non puxo os medios para comezar a operar coa factura electrónica a tempo. O concelleiro di que, dende CXXI entenden que é un formalismo, pero vanse a abster, xa que supón un retraso na implantación definitiva da factura electrónica.

O concelleiro **José Martínez Tato** di que se van abster tamén, debido a que vai a ser mais custoso para as empresas pequenas.

A concelleira **Carmen Paula Pérez Gómez** di que se trata dunha lei básica para o rexistro contable, pero un problema para os pequenos provedores.

De seguido ten a palabra a concelleira **María Fernández García** cuxa intervención é a que, de xeito literal, se transcribe a continuación:

Desde o Grupo Municipal de Alternativa Tudense, nada temos que dicir en contra da modificación das bases de execución do orzamento, xa que así contemplan a propia Lei.

Non así, temos que facer constar que nos parece vergoñento que na penúltima sesión ordinaria do Pleno da Corporación nesta lexislatura, traíase unicamente este punto (obrigado por Lei) e o nomeamento no punto anterior.

Despois de catro anos temos todo o programa do equipo de goberno sen cumprir, todo o que vostedes prometeron aos cidadáns de Tui, poden voltar prometelo este ano.

Verbas, directamente do Sr. Alcalde, dicindo “é imprescindible centrar os nosos esforzos en apoiar as familias que o necesiten, promover o acceso ao emprego dos nosos parados e desempregados. O novo PXOM abre novas posibilidades: apertura rúa Ourense, intervención na traseira da Área Panorámica...”.

Vostedes dixeran que o PXOM nos permitirá a construción de equipamento como:

- *Centro de Saúde, aparcamento, Palacio de Xustiza, cubrición das vías do tren nos Maristas...*
- *Creación dunha Xerencia de Urbanismo.*
- *Apertura Rúa Ourense.*

- *Compromiso de non subir ningún imposto nin taxa.*
- *Posta en marcha dun Plan de bicicletas gratuítas no paseo fluvial*
- *Facer de Tui unha cidade referente para a celebración de congresos e todo tipo de eventos.*
- *Creación da Xunta de Comercio Local.*
- *Recuperación da praia da METRALLA e creación dunha praia urbana.*
- *Creación dunha aula sobre o Ría Miño.*
- *Creación dunha senda peonil polas beiras do río Tripes.*
- *Xestión dos recursos derivados do PXOM para a edificación de vivendas de protección oficial.*
- *Construción dun novo centro educativo en Pazos de Reis.*
- *Apoio aos comedores escolares.*
- *Complexo deportivo da Veiga do Louro cun conxunto de pistas deportivas no exterior para fútbol, baloncesto, tenis... que farán que sexa un referente en toda a comarca.*
- *Creación dunha pista de Skate e patinaxe.*
- *Mellorar equipamento e número da Policía Local.*
- *Activar a, tan reclamada por nós, Xunta Local de Seguridade.*
- *Implantación da rede Wifi no termo Municipal.*
- *“É a nosa intención, nesta lexislatura, a construción dun Centro de Día, faltaba o de “PRIVADO”.*
- *Creación dunha “gardería do teatro”.*
- *Creación dunha Escola Municipal de Teatro.*
- *Dotar á Biblioteca Pública Municipal dun horario mais amplo (tal e como se demostrou neste mes de Decembro estando pechada).*

Sres., xa quedaron atrás os tempos nos que o programa electoral era unha forma de “roubar” votos. Os cidadáns estamos cansos das falsidades que, cada catro anos, vostedes están dispostos a argallar.

É imposible, tendo todo o programa sen cumprir, que non sexan capaces de lelo e traer algunha iniciativa a esta Sesión.

Sexan capaces, a lo mesmos, nestes catro meses que lles quedan, de ampliar o horario da Biblioteca ou de, tan sequera, admitir facturas unicamente de provedores aos que lles está permitido facturar a organismos públicos (levamos desde 2011, ao igual que Intervención, reclamándoo - Facturación de Comunidades de Bens).



O **alcalde** pregunta á concelleira que ten qué ver iso coa factura electrónica.

A concelleira di que non ten nada que ver.

O **alcalde** di que hai moitas cousas que, afortunadamente, se están cumprindo e di aos concelleiros que a campaña electoral aínda non comezou e que mellor que sigan traballando con normalidade.

A concelleira **María Fernández García** replica que non está en campaña nin en precampaña, que se limita a coller o programa electoral do PP e poñer de manifesto que non se cumpriu.

O **alcalde** di que para facer as cousas hai que ter cartos e o equipo de goberno ten posto moitas infraestruturas en marcha.

Ábrese a segunda quenda de intervencións e ten a palabra o concelleiro **Enrique Cabaleiro González** que da a benvida ao concelleiro Antonio Castro Negro e deséxalle sorte no seu cometido. E di , a continuación que, xa que están falando de facturas, quere falar de unha, que non é electrónica, pero que é importante, xa que un veciño presentou no rexistro de entrada un escrito indicando que se lle contratou de xeito verbal un saneamento en Ribadelouro para o que, con posterioridade se redactou un proxecto, asinado por José María Melero González, por importe de 41.000 € e cuxa factura está pendente de pago. O concelleiro di que o alcalde, á vista do escrito, devolveu a factura por entender que o traballo non foi encargado e gustaríalle que lle aclarase iso, porque hai unha deixación de funcións e de responsabilidades, ademais de estar poñendo a unha empresa en dificultades, dándolle como única solución que trate de que a Deputación lle pague esa obra.

O **alcalde** di que, efectivamente, ese traballo está feito, pero é un traballo que non encargou o alcalde e do que se está vendo como se pode pagar.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que o seu grupo vai a votar a favor, pero quere aclarar que as pequenas empresas non terán problemas para presentar a factura electrónica, porque a maioría traballan con xestores.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** intervén para dicir que lle parece pouco seria a resposta do alcalde ao tema formulado por Enrique Cabaleiro González, cre que hai un problema, que é público e debería recoñecer o erro.

O **alcalde** considera que deixou ben clara a súa resposta a ese tema.

Sometido o asunto a votación é por quince (15) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Raquel Lorenzo Pimentel e Antonio Castro Negro, dos concelleiros de ATT Miguel Angel Capón Rey, María Beatriz Fernández García e Telmo González Ramos e dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez, certo (0) votos en contra e tres (3) abstencións dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato e do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín adoptouse o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación das Bases do Orzamento do Concello de Tui vixentes, mediante a introdución da nova Base 19 ^a BISⁱⁱ.

Segundo. Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo).

Terceiro. Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobada.

Antes de comezar co seguinte punto o alcalde di que lle gustaría dar a benvinda ao concelleiro Antonio Castro Negro e desexarlle moita sorte, así como agradecer, de xeito persoal, a súa coherencia e toma de posesión ao final do mandato.

4º.- CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO:

4.1. Disposicións de interese.

POLA PRESENTE DASE CONTA O PLENO ORDINARIO DAS SUBVENCIÓNS E DISPOSICIÓNS DE INTERESE DOS MESES DE DECEMBRO 2014 E XANEIRO 2015.

DISPOSICIÓNS:

Resolución de 10 novembro de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se da publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2015, correspondentes aos concellos das catro provincias da CCAA Galicia.

Resolución do 20 de novembro de 2014, pola que se aproba o Plan Marco : Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural- FEADER, no marco do PDR 2007-2013.

Orde 24 novembro de 2014 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG 230, 01.12.2014

ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. DOG 23.12.2014

Bases reguladoras da Deputación de Pontevedra do Plan conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015. BOP 02.01.2015

Bases reguladoras da Deputación de Pontevedra do Plan provincial de obras e servizos 2015. BOP 02.01.2015

BASES REGULADORAS da Deputación de Pontevedra para concesión por concorrencia competitiva de anticipos a municipios da provincia de Pontevedra 2015.

Bases reguladoras da Deputación de Pontevedra do Programa de Acción municipal- PAM, sección actividades para o exercicio 2015. BOP 02.01.2015

Bases reguladoras da Deputación de Pontevedra do Programa de Acción comunitaria- PAC, para o exercicio 2015. BOP 02.01.2015

Bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2015 da Deputación de Pontevedra. BOP 02.01.2015

Aprobación das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social no marco da prestación de servizos sociais de atención especializada para o ano 2015. BOP 02.01.2015



Bases de subvencións da Deputación de Pontevedra de apoio á cultura para actividades e investimentos no ano 2015. BOP 02.01.2015

Bases de subvencións da Deputación de Pontevedra a entidades e clubs deportivos para apoiar o deporte de competición para apoiar o deporte de competición federado, ano 2015. BOP 02.01.2015

Bases do Plan cultural 2015 da Deputación de Pontevedra. BOP 02.01.2015

ORDE do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015. DOG 31.12.2014

ORDE do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risaq, e se aproba a convocatoria para o ano 2015. DOG 12.01.2015

ORDE do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015. DOG 12.01.2015

ORDE do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 12.01.2015

ORDE do 2 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e a agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. Estas subvencións son susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013. DOG 15.01.2015

ORDE de 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas na CCAA de Galicia correspondente o exercicio 2015. DOG 16.01.2015

ORDE de 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2015 e 2016. DOG 16.01.2015

RESOLUCIÓN de 18 de decembro de 2014 por la que se establecen as bases reguladoras para la concesión, en réxime de concorrencia no competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede a su convocatoria para o año 2015. DOG 20.01.2015

RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 20.01.2015

ORDE do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de

Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 23.01.2015

RESOLUCIÓNS:

Comunicación da Deputación de Pontevedra de data 17.11.2014 na que se aproba unha proposta de concesión de subvención por importe de 9.029.-€ para os gastos de funcionamento da **escola de musica**.

Comunicación da Deputación de Pontevedra de data 17.11.2014 na que se aproba unha proposta de concesión de subvención por importe de 14.750.-€ para os gastos de funcionamento do **conservatorio de musica**.

Resolución de data 12.12. 2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, pola que se acorda outorgar unha subvención por importe de 11.395,51.-€ para financiar a prórroga da contratación dun **Axente de emprego e desenvolvemento local**.

4.2. Dación de conta das Resolucións de Alcaldía dende o último pleno ordinario.

Dáse conta dende o Decreto nº 1094/2014 ata o nº 1377/2014 e dos Decretos nº 1/2015 ata o nº 29/2015.

4.3. . Dación de conta das liñas fundamentais do orzamento do exercicio 2015, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Dáse conta das das liñas fundamentais do orzamento do exercicio 2015, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

4.4. Dación de conta do período medio de pago global a provedores do terceiro trimestre do exercicio 2014, en cumprimento do establecido no Real Decreto 635/2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e condicións e procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Dáse conta do período medio de pago global a provedores do terceiro trimestre do exercicio 2014, en cumprimento do establecido no Real Decreto 635/2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e condicións e procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

4.5. Mocións.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** da a benvinda ao concelleiro Antonio Castro Negro deséxalle sorte e espera que teña dedicación no cargo. De seguido o concelleiro da lectura a unha moción presentada polo seu grupo relativa á fusión dos municipios do Baixo Miño, cuxo teor literal é o que segue:

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por quince (15) votos a favor e dúas (2) abstencións dos concelleiros Miguel Capón Rey e Telmo González Ramos.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que quere agradecer o voto á urxencia, algo que, di CXXI leva facendo todo o mandato. O concelleiro di que os argumentos a favor desta



fusión xa están resumidos na moción, pero destacaría a unanimidade académica ao respecto, se ben, di que, fronte a esa unidade académica hai unha unanimidade política en contra que nace dos intereses creados e a maior dificultade de colocación política que xurdiría. No entanto o seu grupo considera que é imprescindible poñerse con ese tema para fomentar o aforro e para saír da crise, así como implementar a administración electrónica e poñer as sedes consistoriais extintas como puntos de atención e tramitación. Con iso, estima un aforro de entre oito ou dez millóns de euros, que quedarían en mans das familias e das empresas, que ó que necesita o país nestes intres.

A continuación intervén o concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** que da a benvinda ao concelleiro Antonio Castro Negro do que di qué, con nada que faga, xa supera a todo o equipo de goberno. En canto ao tema de fondo quere dicirlle ao concelleiro Carlos Vázquez Padín que está no sitio equivocado, porque se coñece un pouco a comarca debería pensar na dificultade que moitos veciños terían para poder desprazarse a Tui. O concelleiro considera que o voceiro do Grupo mixto ten unha débeda co BNG e aparece con este tema e co tema da supresión das Deputacións, algo que o BNG ven promovendo dende sempre e agora formular iso parécelle unha entelequia, porque é retomar algo do que xa se falou moitas veces. Cre que hai que ser un pouquiño mais serio, porque nin sequera sabe onde vai a poñer a sede e sempre ven coa mesma cantinela, cando os veciños queren algo mais e advírtelle que se CXXI xa menguou dende o 2012, nese día non sabe se lle votarían mais de cen persoas.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que entenden que é unha moción de certa trascendencia, pero vir con iso a estas alturas parécelles pouco serio, xa que, cando menos, debería vir avalado por un informe técnico, xa que habería que coñecer a situación de cada concello. O concelleiro di tamén que habería que abordar o tema da capitalidade que non é un tema menor. Por outra banda o Consello de Europa recomendou que se fusionasen os concellos de menos de cinco mil habitantes, cifras que están moi lonxe dos concellos do Baixo Miño, así como ten dito que en relación á capitalidade ten que ser o punto equidistante a todos os concellos que no caso do Baixo Miño sería Tomiño. Por último o concelleiro di que tampouco ten porqué ser Tui o que traslade esta cuestión ao resto de concellos, senón que CXXI debería presentar esta moción nos cinco concellos e non converter ao alcalde de Tui en voceiro.

O **alcalde** recorda que están debatendo unha moción de CXXI.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que lle gustaría xustificar a súa abstención en relación á votación da urxencia que ven derivada de que non é un tema urxente, mais ben considera que é un tema que debería ter ido a unha comisión informativa. En canto ao fondo o concelleiro di que todos os políticos teñen fama de contribuír a crear mais problemas, que a resolvelos e, nese momento, con cinco millóns de parados parece un tanto espúreo formular todo iso, porque calquera persoa de Tui se identifica ademais, primeiro, coa súa parroquia. O concelleiro di que o tema da capitalidade tampouco ten tanta importancia, xa que pode rotar como na Mancomunidade e, en canto á redución, están de acordo coa supresión das deputacións, ademais de que consideran que reducir o número de políticos á metade tamén estaría moi ben, en Tui chegan e sobra con dez concelleiros e, en definitiva, cren que as reducións hai que facelas doutro xeito.

O **alcalde** intervén para dicir que sen qué serva de precedente está de acordo con ATT, PSdG-PSOE e BNG, porque están nunha época de falar de todo, pero deben ser serios, porque tamén poderían propoñer fusionarse con Portugal e crear un eurodistrito e quedar de *guais*, pero non é o lóxico, considera que xa están integrados na mancomunidade e no consorcio, que son exemplos de cooperación entre concellos e a proposta está aí, pero é un tema a estudar e considera que non é un debate que corresponda ao concello de Tui.

Ábrese a segunda quenda de intervención e ten a palabra de novo o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que contestando ao concelleiro Laureano Alonso Álvarez que ve que o acusa dunha cousa e do contrario, de non dicir onde vai a capitalidade e de que esta poda ser en Tui, proba, di, de que non ten moi estudado o tema. O concelleiro di que, por suposto, a iniciativa corresponde aos concellos, ao marxe do papel da Xunta, e por outra banda, quere dicirlle que a supresión das deputacións non é un invento do BNG, senón unha

reivindicación histórica do galeguismo e da que, ademais, di, que o BNG se esqueceu cando comezou a gobernar nas deputacións. Di o concelleiro que o BNG tamén esquece que a unificación en comarcas vai na liña do galeguismo histórico e polo que se refire ás distancias e ás referencias recollidas na Constitución de 1812, están falando de tempos nos que as distancias se median a cabalo e non en coche e, polo tanto, di que deben ser conscientes diso. Por último, en canto a resolver problemas dos concellos dille que ser mais eficientes e menos custosos é unha cuestión que unha fusión de concellos resolvería perfectamente.

En relación á intervención do concelleiro Enrique Cabaleiro González quere dicirlle que agradece o ton respectuoso da súa intervención, pero a moción non é unha improvisación, xa que hai un documento onde se analiza ese asunto en profundidade, e a iniciativa di que pode partir do pleno, o que pasa é que é unha proposta que non gusta, polos intereses creados.

O concelleiro continúa a súa intervención indicando que vai a contestar ás manifestacións do concelleiro Miguel Capón Rey.

O **alcalde** di ao concelleiro que debe ir rematando.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que necesita dispor de mais tempo, posto que é quen presentou a moción e é normal que teña que contestar. Ao concelleiro Miguel Capón Rey dille que ter unha administración mais eficaz e mais eficiente o que supón son menos problemas e as mancomunidades son chiringos que so serven para aumentar o tamaño das administracións.

O **alcalde** di que vai a ter que cortar ao concelleiro e que faga un resumo, que sabe que ten capacidade.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** continúa dicindo, en resposta á intervención do concelleiro Miguel Capón Rey que non cre que a redución soa de políticos sexa positiva, senón que se necesita que vaia acompañada dunha redución de concellos. E, xa para rematar, di que non é estrano que BNG, PSdG-PSOE e PP concorden en temas que toquen os intereses xa establecidos.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** dille ao alcalde que xa pode levar o reloxo para casa e que lle parece moi pouco serio o que está acontecendo nese salón de plenos, e recrimina ao concelleiro Carlos Vázquez Padín que se poña a disertar sobre as súas entelequias, mentres hai xente con problemas reais e dille que vai a rebufo e, agora que veñen as eleccións, saca a cabeza e está aburrindo cun tema que non lle interesa a ninguén e por riba coa sorte de que na prensa lle deran pábulo coa noticia.

Sendo as 21:24 minutos abandona momentaneamente a sesión o alcalde, pasando a presidir a sesión o primeiro tenente de alcalde, Jose Angel Villaverde Rocha.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que, segundo o concelleiro Carlos Vázquez Padín a moción non é unha improvisación, pero el tampouco falou diso, senón mais ben da necesidade de que o tema veña informado tecnicamente.

Sendo as 21:27 minutos incorpórase á sesión, novamente, o alcalde.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** continúa dicindo que os consorcios e as mancomunidades non son *chiringos*, e se o custe da auga se encareceu non foi por culpa do consorcio, senón por privatizar a xestión. Por último di que, con respecto á liña xeral da moción, concorda en moitas cousas.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** indica que lle gustaría referirse ao tema dos *chiringos*, porque di que el foi un dos creadores da mancomunidade do Baixo Miño e os políticos non cobran dela e os funcionarios tampouco.

O **alcalde** di que os funcionarios si cobran.



O concelleiro di que, polo que se refire á comarcalización, o PP non só o intentou no seu día, senón que creou unha fundación comarcal no Baixo Miño e si se reducen os custes, para a cambio crear un problema social maior, pois non está pola labor.

Sometida a moción a votación é rexeitada por un (1) voto a favor do concelleiro do Grupo mixto, Carlos Vázquez Padín, tres (3) abstencións dos concelleiros de ATT, Miguel Capón Rey, María Fernández García e Telmo González Ramos e trece (13) votos en contra dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Raquel Lorenzo Pimentel e Antonio Castro Negro, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez e dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato.

O concelleiro Miguel Capón Rey pide a palabra para explicar o seu voto e dicir que se absteñen porque hai aspectos da moción cos que concordan.

A continuación intervén o concelleiro **José Martínez Tato** que da lectura a unha moción presentada polo seu grupo político municipal relativa ás artes de pesca e que literalmente di:

MOCIÓN POLA QUE O PLENARIO DO CONCELLO DE TUI APOIE AS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR DA PESCA, QUE DEMANDAN DA UNIÓN EUROPEA A EXCLUSIÓN DA PROHIBICIÓN DE ARTES DE DERIVA DAS ARTES ARTESANIAS QUE PESCAN EN AUGAS CONTINENTAIS E MARÍTIMAS DE GALIZA

Exposición de motivos.

Na Comisión europea estase debatendo unha proposta de Regulamento polo que se pretende prohibir a pesca con redes de deriva, modificar os Regulamentos (CE) nº 850/98 (CE), nº 812/2014 /CE), nº 2187/2005 e (CE) nº 1967/2006 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) nº 894/97 do Consello. Isto pode supor a prohibición de artes ancestrais, sostibles, xeradoras de riqueza nas nosas comunidades costeiras que se veñen empregando en Galiza tanto na pesca da sardiña, xeito, como na pesca do río: trasmallo do Miño, lampreeira, muxileira, varga da Solla, varga do muxo.

No argumentario esgrimido pola UE xustifica esta decisión en dous criterios:

1.- Pola utilización por parte de algunhas flotas de Europa de redes de deriva de gran tamaño de lonxitude e de malla que permanecen durante moitos días sen recoller o que ocasiona que moitas das especies protexidas como arroaces, tartarugas, tabeiróns, etc queden enmallados provocando a súa morte.

2.- Por ter sometido esta proposta a consulta no ano 2013 dos distintos gobernos, comunidades autónomas e organizacións sectoriais como as federacións de confrarías de pescadores sen que teñan recibido informacións ao respecto da incidencia que esta medida puidera ter para outras artes de deriva artesanais.

Isto evidencia con moita claridade como unha administración “supraestatal” ten competencias sobre os nosos recursos e como unha un uso irregular dunha arte nun recuncho de Europa, xa que a actual proposta ven provocada pola utilización da arte de deriva italiana “ferretara” que alcanza lonxitudes que chegan os 2,5 quilómetros, e causa a mortalidade de varias especies protexidas, provoca situación de indefensión e nos ameaza sen inmutarse coa desaparición de modelos tradicionais de subsistencia, de pura subsistencia como é a pesquería do xeito ou as artes empregadas nos ríos galegos.

A UE querendo recoller este espírito ambientalista, acaba provocando un auténtico terremoto ao non diferenciar pesca industrial da artesanal, nin pesca irregular da que se ven desenvolvendo dende fai séculos e

dende unha visión puramente burocrática pretende impor unha normativa uniformizadora sen ter en conta as peculiaridades propias de cada país, no noso caso Galiza.

E en aras de cumprir supostas obrigacións internacionais, o Regulamento proposto pretendía establecer, en base ao santo criterio de precaución, a prohibición total de levar a bordo ou utilizar calquera tipo de rede de deriva a partir do 1 de xaneiro de 2015 en todas as augas da UE.

Pero tamén pon en evidencia que mentres o Estado español espreme as cativas competencias pesqueiras do noso País, e as centraliza, non ten rubor ningún en permitir que unha administración alonxada dos pescadores con un BCE que non rende contas ante ningún órgano democrático, legisle sobre os nosos recursos e nos veña a dicir que a actividade que levamos desenvolvendo durante séculos é inadecuada e debe ser eliminada.

A segunda consideración é o modo de formular a consulta as diferentes administracións e aos colectivos sectoriais realizada dende marzo a setembro do 2013, onde quedou medianamente claro que nin a Xunta de Galiza, nin ao Magrama lle preocupou o máis mínimo as medidas que se pretenden adoptar en Europa, pois ningunha informou sobre a incidencia que esta medida ten para as nosas artes de deriva. O que supuxo que a tramitación seguira o seu curso sen que lle preocupara o máis mínimo a quen nos goberna e ostentan as competencias en pesca, as consecuencias das decisións adoptadas na UE, como así o ven de confirmar a Comisión Europea recoñecendo: “que os contactos celebrados coa delegación de representantes do xeito organizada polo BNG o pasado mes de decembro foron determinantes para obter información sobre as consecuencias de incluír a esta arte de pesca artesanal na prohibición de redes de deriva e corrixir esta decisión”.

Segundo a Comisión esta reunión brindou a oportunidade de avaliar os efectos que podería ter a prohibición nos operadores afectados, así como analizar a información adicional sobre a utilización das redes de deriva en Galiza, asegurando que seguirán solicitando información para axustar a proposta a realidade da actividade.

Esta falta de información tamén acontece coas actividades pesqueiras desenvolvidas nas augas continentais de Galiza na que existen diferentes artes de deriva como o “trasmallo do Miño” de tres panos cunha malla de 140 mm; a “lampreeira” de tres panos con malla de 70 mm; a “muxileira” dun só pano cunha malla de 70 mm, a “varga da solla”, de tres panos cunha malla de 70 mm ou a “varga do muxo”, tamén de tres panos cunha malla de 80 mm que ninguén informou de que existen nin a ninguén lle preocupou que poidan prohibirse. Artes todas moi selectivas que pescan especies moi concretas e cuxa actividade é de pura subsistencia ou complementaria doutro tipo de emprego para poder alcanzar unha renda digna, pois nin o período de pesca nin a cantidade de especies capturadas permite vivir exclusivamente deste oficio.

*En virtude desta exposición de motivos dende o BNG pedimos a este pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

- Que o Concello de TUI apoie as reivindicacións dos nosos pescadores reclamando que a UE deixe de legislar sobre as actividades pesqueira artesanais. Unha competencia que debe ser exercida unicamente polos galegos, dado que se realiza nos nosos ríos e no noso litoral.

- Reclamar do Goberno español e da Xunta de Galiza as xestións e negociacións oportunas para que na proposta de prohibición de artes de deriva que se debate neste momentos na Comisión europea se exclúan as artes artesanais e nominalmente as galegas que pescan no mar como o xeito, e as que pescan en augas continentais como: o trasmallo do Miño, lampreeira, muxileira, varga da Solla e varga do Muxo.

- Esixir a Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en augas interiores e en augas territoriais e que non permita que administracións alongadas de toda realidade como a europea ou a española se atribúan competencias para legislar sobre as nosas artes de pesca e os nosos recursos.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).



O concelleiro José Martínez Tato di que cren que hai bastantes pescadores que están vivindo do Miño e que poderían pasalo moi duro, de aí a moción.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro Carlos Vázquez Padín que di que están ante un dos clásicos puntos nos que a esquerda entra en contradición, a defensa aos traballadores por un lado e da ecoloxía por outro; dende o seu grupo cren que a forma eficiente de xestionar os recursos é a privatización, polo que votarán en contra.

O concelleiro Enrique Cabaleiro González amosa o seu apoio favorable á moción, xa que entenden que afecta, directamente, ao ámbito socio económico do Baixo Miño.

O concelleiro Miguel Capón Rey di que tamén están a favor por ser unha defensa do Baixo Miño.

O alcalde di que tamén vai haber apoio por parte do seu grupo, como xa o fixeron no pleno da Mancomunidade do Baixo Miño.

Sometida a moción a votación e por dezaseis (16) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Raquel Lorenzo Pimentel e Antonio Castro Negro, dos concelleiros de ATT, Miguel Capón Rey, María Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez e dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato, e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín, adoptouse o seguinte ACORDO:

- Que o Concello de TUI apoie as reivindicacións dos nosos pescadores reclamando que a UE deixe de legislar sobre as actividades pesqueira artesanais. Unha competencia que debe ser exercida unicamente polos galegos, dado que se realiza nos nosos ríos e no noso litoral.

- Reclamar do Goberno español e da Xunta de Galiza as xestións e negociacións oportunas para que na proposta de prohibición de artes de deriva que se debate neste momentos na Comisión europea se exclúan as artes artesanais e nominalmente as galegas que pescan no mar como o xeito, e as que pescan en augas continentais como: o trasmallo do Miño, lampreeira, muxileira, varga da Solla e varga do Muxo.

- Esixir a Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en augas interiores e en augas territoriais e que non permita que administracións alongadas de toda realidade como a europea ou a española se atribúan competencias para legislar sobre as nosas artes de pesca e os nosos recursos.

De seguido o concelleiro **José Martínez Tato** da lectura a outra moción do seu grupo relativa á creación dunha tarifa eléctrica galega, que literalmente di:

MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder



compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza pagueamos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito – sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

O concelleiro **José Martínez Tato** di que hai moitas empresas que non poden pagar a electricidade e en Galicia, sendo excedentes na produción están pagando mais caro que no resto de España de aí que considere que deben pedir unha tarifa para Galicia.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que é unha moción bastante interesante, posto que Galicia ten uns recursos e debería ter un retorno diso, polo tanto a moción vai no bo sentido. Pero, di que tamén aí teñen unha das graves contradicións da esquerda, é dicir, a destrución dos postos de traballo en Alcoa ven do aumento das enerxías renovables o subsidio aos mineiros asturianos, aos que tamén apoiaron.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que o seu grupo votará a favor da moción, sen entrar mais ao fondo, porque lles parece un tema interesante.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** propón, por parte do seu grupo, unha emenda *in voce*, que é á de substituír a porcentaxe.

O **alcalde** di que, por parte do seu grupo tamén están de acordo coa moción, xa que son unha comunidade autónoma exportadora de enerxía.

Sometida a votación a emenda é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

O concelleiro **José Martínez Tato** da lectura a unha moción do seu grupo relativa á celebración de actividades que promovan o coñecemento da obra de Rosalía de Castro e que, literalmente di:

MOCIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2015 cumprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadruar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.



*Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora despoñido. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.*

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

- 1. *Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:***
 - a) *Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...***
 - b) *Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.***
 - c) *Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.***
- 2. *Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.***

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

O concelleiro **José Martínez Tato** di que é unha moción diferente á do ano pasado, porque se fixo moi pouco ao respecto.

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que os señores do BNG acúsano a el de traballar pouco, cando se limitan a ler os faxes que lles chegan dende Santiago. O concelleiro di que Rosalía de Castro non é do BNG e compre dicilo porque é moi típico dese partido apropiarse de persoeiros que non son deles, que son de todos. En todo caso di que Rosalía é unha figura senlleira da que se poden sentir orgullosos e hai poucos casos nos que unha literatura teña como figura mais salientable unha muller.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que presentaron xa unha moción similar, pero o equipo de goberno non fixo nada ao respecto, motivo polo que a volven a traer; o concelleiro engade que o único que fai o BNG é defender a Rosalía de Castro e a cultura galega.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** amosa o respaldo do seu grupo, entende que a administración pública xoga un papel fundamental na promoción da cultura.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que van apoiar a moción, pero non fondo di que non se trata do idioma no que se escribe, senón qué se escribe, que para iso están logo os tradutores, e nese senso hai unha intelectual e tamén escritora galega que probablemente estea a altura de Rosalía de Castro, aínda que escribira en castelán, que é Emilia Pardo Bazán.

O **alcalde** di que por parte do seu grupo tamén están a favor da moción e cede a palabra á concelleira delegada de Cultura, Vanesa Rodríguez Pereira para que explique os actos celebrados en actos anteriores, no día de Rosalía de Castro a raíz da moción do BNG.

A concelleira explica que se fixeron lecturas de versos e sesións musicais nos últimos anos e que lle gustaría ver alí aos representantes do BNG.

Sometida a moción a votación e por dezaseis (16) votos a favor dos concelleiros do PP Moisés Rodríguez Pérez, Vanesa Rodríguez Pereira, Olga Montes Moldes, Marcelino Cendón Vázquez, Manuel González Vázquez, Angel Gutiérrez González, Jose Angel Villaverde Rocha, Raquel Lorenzo Pimentel e Antonio Castro Negro, dos concelleiros de ATT, Miguel Capón Rey, María Fernández García e Telmo González Ramos, dos concelleiros do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González e Carmen Paula Gómez Pérez e dos concelleiros do BNG, Laureano Alonso Álvarez e José Martínez Tato, e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto, Carlos Vázquez Padín, adoptouse o seguinte ACORDO:

1. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:
 - a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...
 - b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
 - c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.
2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

A continuación intervéñe o concelleiro **Enrique Cabaleiro González** que da lectura a unha moción presentada polo seu grupo político municipal relativa á creación dunha lonxa no río Miño e que literalmente di:

MOCION CREACION NO CONCELLO DE TUI DA PRIMEIRA LONXA DE RIO NO TRAMO INTERNACIONAL DO MIÑO.

Exposición de Motivos:



Atendendo á elevada taxa de paro que ten o noso municipio, consideramos que sería relevante iniciar os traballos e trámites necesarios para impulsar non só o desenvolvemento da actividade pesqueira no Miño, senón tamén incentivar todos aqueles aspectos que xiran entorno á pesca e á comercialización dos seus produtos, como mecanismos de creación de postos de traballo.

Polo tanto, o Grupo Municipal Socialista de Tui solicita que dende o Concello se defenda que sexa Tui o lugar elixido para a construción da primeira lonxa no Tramo Internacional do Río Miño, tendo en conta que o Plan de Xestión da angula esixe que ademais de que toda a angula pescada deberá quedar rexistrada nun diario, esta deberá pasar por lonxa co obxectivo de efectuar un control da súa captura e comercialización. Mentres non exista unha lonxa de río, as capturas deberanse levar á lonxa pesqueira da Garda, ou mediante a axeitada Guía de transporte, a un punto de venda, un centro de control ou unha lonxa móbil autorizada.

O Grupo municipal Socialista de Tui considera que o noso municipio é o lugar idóneo para a súa situación e así debe facerse saber ás autoridades correspondentes e defender esta postura para seguir apostando polo desenvolvemento de actividades ligadas ao Miño en todas as súas vertentes, non só no aspecto deportivo.

É necesario como antano, volver impulsar a pesca de río como saída laboral, á vez que promover a comercialización destes produtos

Acordos

- 1. Que dende o Concello de Tui se inicien os trámites necesarios e se inste ás Autoridades competentes para a Construción no Concello de Tui da primeira lonxa de Río no Tramo Internacional do Río Miño.*
- 2. Se faga un estudo no referente a ubicación axeitada para a futura Lonxa e se busquen es mecanismos de financiamento necesarios para poder levar adiante este proxecto*

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que podería ser unha proposta interesante, pero considera que debería vir acompañada dun estudo de viabilidade económica para estar seguros e, se fose así, dende logo considera que é algo positivo.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que están totalmente de acordo por unha razón básica e é que se posibilitaría así un control sanitario e de control de capturas e non concordan con Carlos Vázquez Padín na necesidade de realizar de xeito obrigatorio un estudo económico, aínda que podería estar ben. O concelleiro di que en Tui non é doado, na actualidade, comprar peixe do río, debido, precisamente, a que non hai un mercado habilitado.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que a iniciativa parte dunha obriga legal, e é que coa normativa actual está prohibida a venda directa e, en segundo lugar, é unha iniciativa impulsada polos propios pescadores, que consideran que é un sistema que mellorará a calidade, ademais de regular a actividade e da que xa hai tamén iniciativas ao respecto no parlamento, así como tamén hai un interese por parte de Portos de Galicia, polo que esperan que o alcalde poña todo o seu empeño en facer o que se solicita realidade.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que ao final levan un anaco longo debatendo cousas que non son competencia do Pleno, e dio polo que dixo o alcalde ao inicio da sesión. O concelleiro di que o seu grupo vai, evidentemente, a apoiar a proposta, pola súa defensa do río e dos pescadores, pero tampouco queren que se

pense que a creación dunha lonxa é a panacea do sector, porque actualmente están falando dun sector que vive ao marxe da realidade.

O **alcalde** di que o seu grupo, estando de acordo co fondo, propoñen levalo a unha comisión informativa, porque falou dese tema con xente do sector e di que hai luces e sombras.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que hai un marco legal que está para cumprilo e o alcalde como representante da administración debe promover que se cumpra, polo tanto, o argumento de deixalo sobre a mesa parécelle bastante peregrino.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que cre que é un erro que quede sobre a mesa, porque é un tema no que hai que poñerse a traballar.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** di que hai moitos precedentes de veces nas que o alcalde dixo que ía a ir un tema a unha comisión informativa e logo nada, que o usa como práctica dilatoria e ademais di que deberían ter coidado porque ten a percepción de que están ante un sector que se move na enerxía sumerxida nunha porcentaxe elevada e é positivo se aflora, pero á vez perigoso, aínda que, en definitiva non ve sentido a deixalo sobre a mesa.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** considera que é unha forma de irse mentalizando tanto a corporación, como os pescadores, e cre que non debera haber problemas.

O alcalde di que, entón, van apoiar a moción.

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

1. Que dende o Concello de Tui se inicien os trámites necesarios e se inste ás Autoridades competentes para a Construcción no Concello de Tui da primeira lonxa de Río no Tramo Internacional do Río Miño.
2. Se faga un estudo no referente a ubicación axeitada para a futura Lonxa e se busquen es mecanismos de financiamento necesarios para poder levar adiante este proxecto

De seguido a concelleira **María Fernández García** da lectura a unha moción do seu grupo relativa á creación de becas para estudar inglés no estranxeiro, que literalmente di:

Moción sobre posta axudas ou becas para mellora de coñecementos da Lingua Inglesa.

A medida dirixirase a estudantes dun curso da ESO, empadroados no Concello e que non teñan axudas para estudar inglés por parte doutro organismo público.

Estase dando en algúns Concellos cercanos, axudas para que a mocidade teña a posibilidade, por un período de 1 ou 2 meses en época non lectiva, convivir nun país de fala inglesa para a súa mellora lingüística.

Dada a situación económica dos últimos anos, consideramos oportunas as axudas e becas por parte do Concello para que a comunidade do alumnado teña a posibilidade, nun determinado curso, de conseguir unhas nocións mais amplas da lingua inglesa.

É interesante a adquisición de cultura lingüística entre a nosa mocidade.



Por todo elo, solicitamos do Pleno da Corporación, a aprobación para axudas ou becas para mellora de coñecementos de lingua inglesa na mocidade do Concello de Tui.

O **alcalde** pregunta se xa pensaron nunha cantidade.

A concelleira di que iso habería que estudalo.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

Ábrese o debate e ten a palabra o concelleiro **Carlos Vázquez Padín** que di que é moi necesario saber inglés e España está a última niso, polo que teñen unha carencia grave, pero para el están ante unha proposta un tanto populista. O concelleiro pregúntase ata que punto está a administración lexitimada para pagar viaxes a Inglaterra a custa de todos, cre que, cando menos, é cuestionable. Di que este tipo de iniciativas soen dar votos, pero non cre que a administración deba financiar con cartos públicos a falle de coñecemento do inglés e, polo tanto, di que votarán en contra.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** di que o seu grupo proporía que se deixe enriba da mesa, porque consideran que é un tema que debería vir acompañado dunha memoria económica e, mais alá diso, quere recordar que o BNG solicitou, alá polo 2006 ou 2007, que Tui tivese unha sede da Escola Oficial de Idiomas, que o teñen a día de hoxe e que permite, por un módico prezo ter clases de inglés, cando o concello, dende o seu punto de vista, está para outras cuestións, por exemplo promover que todo o mundo poda ter o título da ESO, para o que teñen unha iniciativa moi boa no concello de Tomiño, que en Tui so pode obterse polas mañáns e é algo que si considera grave, posto que deixa a moita xente fora do mercado laboral.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** di que o seu grupo votará favor.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** di que quere aclarar que non teñen inconvinte algún en que o tema se leve a unha comisión informativa, e tamén que se dixeron algunhas inexactitudes, porque a Escola Oficial de Idiomas non ten unha matrícula tan barata.

O **alcalde** di que por parte do seu grupo non hai inconvinte en levalo a unha comisión informativa.

Sometido a votación que o asunto quede sobre a mesa é aprobado por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

O concelleiro Miguel Capón Rey di que quere presentar unha moción *in voce* que é a seguinte:

Solicitar á Escola Oficial de Idiomas de Tui que inclúa, entre as linguas que ensina, o alemán e o chinés.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes (17 votos).

Non habendo intervencións sométese a votación a moción e por unanimidade dos membros presentes (17 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Solicitar á Escola Oficial de Idiomas de Tui que inclúa, entre as linguas que ensina, o alemán e o chinés.

4.6. Rogos e preguntas.

O concelleiro **Carlos Vázquez Padín** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Ten reservado o concello de Tui o dominio tui.gal? Como leva a negociación da cesión do dominio tui.es coa empresa de viaxes Tui?.

O Alcalde di que están en negociacións para ter o dominio tui. Gal. A negociación coa empresa Tui di que está xa moi avanzada.

2.- Que pasos está dando para garantir a normalización total do mercado dos xoves en Tui?

O Alcalde di que, nese mesmo día, e a pesar das condicións climatolóxicas, o 80% dos postos montaron e estase volvendo á normalidade.

3.- Algunha novidade com respecto á necesaria instalación dunha marquesina na zona da corredeira para o autobús?.

O Alcalde di que, dende a Dirección Xeral de Patrimonio lles dixeron que deben esperar á aprobación do PECH para a dita instalación.

4.- Como foi a viaxe que fixeron en decembro a Versmold? Algunha cousa de interese que os tudenses debamos saber?.

O Alcalde di que el non foi nesa ocasión, pero indica que foi unha visita institucional, para coñecer ao novo alcalde e corporación.

O concelleiro Carlos Vázquez Padín pregunta como está o tema dos cv.

O concelleiro Jose Angel Villaverde Rocha infórmao de que se está rematando a posta en marcha dunha oficina, precisamente para canalizar o envío dos cv.

5.- Vai implementar a peonalización do casco vello antes da fin deste mandato?.

O Alcalde di que se porá en marcha a vindeira semana.

6.- Ten pensado aprovar o PECHA antes da fin do mandato?.

O Alcalde di que si, que está a punto.

7.- Que pasos está dando para a implementación da administración electrónica en Tui? Que obxectivo temporal ten para a súa posta en práctica?.

O Alcalde di que xa explicou en varias ocasións que están co proxecto ARPAD, no que están traballando tamén técnicos municipais.

8.- É vostede consciente de que hai pouquísimos casos nos que un escrito presentado por un cidadán neste concello é respondido? Que opina do prexuízo que se lles produce, aos que cos seus impostos sosteñen o concello, coa inoperancia xestora do goberno local do PP?.

O Alcalde di que iso pasa cada vez con menor frecuencia e son opinións persoais do concelleiro.

9.- Cal é causa real de que renuncie a candidatarse de novo á alcaldía de Tui, o recoñecemento dunha xestión deficiente quizá?.



O Alcalde di que todo o contrario, que é unha decisión persoal que non vai entrar a debatir.

O concelleiro **Laureano Alonso Álvarez** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro di que, entre os decretos dos que se da conta ao pleno, hai un curioso que é dunha factura por importe de 3630 € do pago a un bufete de avogados, Garrigues, en concreto, que se paga despois de levantar un reparo brutal do interventor municipal, que di que non se entende a existencia dese informe, tendo en conta que hai funcionarios con esas funcións na Relación de postos de traballo, que non poden ser substituídos por informes externos. Ademais di que o interventor sinala que a factura excede de 3.000 € e non hai tres orzamentos, polo tanto o concelleiro di que quere saber porque se fixo iso e porqué o informe non o emitiu a Secretaria municipal.

O Alcalde di que se trata dun informe complementario para afondar mais no asunto e debido á presa que había e co gallo de contar con todas as garantías xurídicas da viabilidade da licenza.

O concelleiro **José Martínez Tato** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro di que se están cobrando, a esas alturas, os recibos de xullo e agosto polo Consorcio do Louro, e a empresa concesionaria di que a culpa é do consorcio e o caso é que non lle parece lóxico estar xirando agora recibos de fai seis meses.

O Alcalde di que preguntará porqué está pasando iso.

2.- O concelleiro di que, en canto á licenza do centro de saúde, gustaríalle saber como se vai a poñer un aparcadoiro nunha zona verde.

O Alcalde cre que xa está ben de cuestionar todo o tempo a licenza do centro de saúde e di que o proxecto está no concello á vista de todos e considera que é un tema moi importante e o BNG so quere entorpecer a obra e sementar dúbidas sobre o proxecto.

3.- O concelleiro pregunta cando van a arranxar o paseo fluvial.

O Alcalde di que xa teñen todas as autorizacións e está o expediente en contratación.

4.- O concelleiro pregunta se teñen previsto arranxar o palco da música.

O Alcalde di que hai unha subvención de vicepresidencia prevista para iso.

5.- O concelleiro di que na rúa Compostela compre facer unha limpeza e di que, xa que limpan no casino, que poderían tamén limpar aí.

6.- O concelleiro di, por último, como vai o tema da concordia.

O Alcalde di que se está facendo.

O concelleiro **Enrique Cabaleiro González** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro di que remataron as obras da praza de abastos, que son un desastre e considera que non se pode asinar a acta de recepción. Di que o expediente administrativo xa comezou co mal cálculo da baixa temeraria, o que dou lugar á reclamación de dúas empresas das que, unha seguramente di que terá dereito a ser indemnizada e non so iso, senón que di que se fixo un modificado do proxecto e froito diso vanse detraer

65.000 € da subvención concedida, polo que lle gustaría preguntar quen vai a asumir a responsabilidade desamermas.

O Alcalde di que, en primeiro lugar, esas cifras non son certas, a obra houbo que facela nun tempo record e o tema da baixa está calculado polo arquitecto técnico do concello, e, en canto ás modificacións xa se están vendo co director da obra.

O concelleiro Enrique Cabaleiro González di que as cifras obtívoas do expediente.

2.- O concelleiro di que a escola de Baldráns está inventariada como ben municipal, pero está ocupada, na actualidade, por unha mestra destinada nese colexio, cando os veciños quere usala como local para reunirse.

O Alcalde di que xa lle dixo noutra ocasión que é educación quen dispón da vivenda e se a mestra a demanda está no seu dereito.

O concelleiro Enrique Cabaleiro González pídelles que leve a cabo a desafección, tendo en conta que a mestra xa ten un salario.

3.- O concelleiro pregunta a que se debe o arquivo dun expediente da fiscalía correspondente ás Dilixencias previas 88/2014.

O Alcalde di que terá que miralo.

4.- O concelleiro di que hai un balcón na casa cultural de Areas, enriba do colexio, que di que se pode desprender e danar aos cativos, polo que lle pide que se poña mans a obra co tema.

O Alcalde di que se mirará.

5.- O concelleiro di que hai unha asociación en Malvas que se queixa dunha suposta discriminación da concelleira Vanesa Rodríguez Pereira á hora de contactar coas parroquias e de feito mandáronlle un escrito con estas cuestións, polo que lle gustaría saber se é unha situación certa.

O Alcalde di que non sabe se é ou non certo, pero di que todas as asociacións teñen os mesmos dereitos.

6.- O concelleiro di que levan bastante tempo demandando que se modifique o inventario de bens, pregunta para cando pensa facerse.

O Alcalde di que se fará o antes posible.

Neste intre entra no salón de plenos a concelleira delegada de Cultura, Vanesa Rodríguez Pereira, que se ausentara momentaneamente e o concelleiro pregunta se lle pode responder ao tema de Caldelas.

A concelleira di que xa se foi a ver e están pendentes de reparalo.

7.- O concelleiro di que hai unha acta de Xunta de Goberno Local de 13/01/11 que concedía, de xeito expreso, licenza para un centro de saúde, na mesma situación que o actual, con informes xurídicos e técnicos ao respecto e na que o alcalde e os concelleiros Manuel González Vázquez, Antonio Castro Negro e Patricia Ricón Alonso votaron a favor. Di que pediu ese expediente e está desaparecido, polo que lle gustaría saber que pasou con el.

O Alcalde di que esa licenza deuse e preguntará onde está o expediente.



8.- O concelleiro di que sabe que, respecto ao PXOM están pendentes, entre outras cuestións os PERIS de San Bartolomé, e gustaríalle saber como está o tema.

O Alcalde di que se falou cos redactores do PXOM para facer un estudo e que se modifique.

A concelleira **María Fernández García** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- A concelleira pregunta en base a que se subvenciona ás ANPAS.

A concelleira delegada de Educación, Vanesa Rodríguez Pereira di que se fai en función das actividades que propoñen e mandan, pero que nalgúns casos están sen actualizar, polo que poden percibir menos.

2.- A concelleira di que antes o alcalde indicou que se contesta a todos os escritos, pero sen embargo ATT presentou varios escritos en setembro e están sen contestar.

O Alcalde di que preguntará como están.

3.- A concelleira roga que baixen aos xardíns e vexan a cantidade de pedras que faltan no muro da fonte.

O concelleiro **Miguel Capón Rey** formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro di que no pleno anterior faláron dun plan de investimentos e pregunta para cando vai a ser.

O Alcalde di que se aprobará no mes de febreiro.

2.- O concelleiro di que, en canto ao tema da praza de abastos, que o outro día foi por alí, é usuario e preguntase como se pode ter feito un proxecto tan absurdo e a Xunta de Goberno Local aprobalo e explica como quedou a praza e considera que é unha auténtica barbaridade e ao técnico que fixo o proxecto considera que non habería que pagarlle, porque a culpa non considera que sexa da concelleira delegada, senón do autor do proxecto.

3.- O concelleiro pregunta como está o tema do centro de saúde antigo e o local colindante.

O concelleiro delegado de Facenda, Marcelino Cendón Vázquez di que se rescindiu unilateralmente o contrato e o concello consignou a cantidade, aínda que os propietarios presentaron unha reclamación xudicial.

4.- O concelleiro di que fai dous meses o alcalde reuniuse cos voceiros e nesa reunión estaba tamén o concelleiro José Ángel Villaverde Rocha e o seu grupo tiña solicitado un listado sobre a situación do urbanismo en Tui, e díxolle que para o pleno de novembro non, porque era moi pouco tempo, pero que llo daría, sen embargo aínda non ten o listado.

O Alcalde di que en urbanismo non acabaron co listado, xa que o concelleiro pediu información ampla.

O concelleiro replica que si o departamento de urbanismo estivese minimamente informatizado xa non pasaría iso, e o que parece é que queren manipulalo e xa avisa que con ese listado vai a ir á Fiscalía.

O Alcalde di el irá co concelleiro á Fiscalía, pero estase preparando esa información e ademais ten previsto tomar medidas nese departamento.

O concelleiro di ao alcalde que non, que non está adoptando medidas de ningunha clase, porque nin sequera abriu un expediente informativo aos funcionarios que alí traballan, a pesar de que se lle dixo ao alcalde que todos os grupos de involucrarían.

O alcalde di que si se abrirá ese expediente e que, si non é esa semana, será a próxima.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vintetrés horas e quince minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

ⁱ **“BASE 19ª bis: Exclusión da obriga do emprego de factura electrónica prevista no artigo 4 da Lei 25/2013.**

Coa entrada en vigor da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público se establece a obriga de que o provedor que expida factura polos servizos prestados ou bens entregados en calquera Administración Pública a presente ante un rexistro administrativo nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común no prazo de 30 días dende a data de entrega efectiva das mercancías ou prestación dos servizos.

Todos os provedores que entregaran bens ou prestasen servizos a Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigados o uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada as seguintes:

- Sociedades Anónimas
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupacións de interese económico, Agrupacións de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital de risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

O Concello de Tui, ó abeiro da potestade que o artigo 4º da Lei 25/2013, de 27 de decembro outorga as Administracións Públicas, exclúe desta obrigación de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros e ás emitidas polos provedores do Concello polos servizos no exterior ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

As facturas electrónicas que se remitan as Administracións Públicas deberán ter un formato estruturado e estar asinadas mediante firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido de acordo co disposto no artigo 10.1 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas que opten por presentarse en formato distinto a facturación electrónica, ben por ser facturas de importe de ata 5.000€ ou por ser facturas expedidas por provedores non obrigados o uso da factura electrónica, serán recibidas no rexistro administrativo e remitidas inmediatamente a oficina contable competente para a anotación no rexistro contable da factura. As facturas electrónicas presentadas no correspondente punto xeral de entrada de facturas electrónicas serán postas a disposición ou remitidas electrónicamente mediante un servizo automático proporcionado polo mencionado punto ao rexistro contable de facturas.

Nas facturas debe identificarse aos órganos administrativos aos que vai dirixida a factura.

A anotación da factura no rexistro contable de facturas dará lugar a asignación do correspondente código de identificación de cada factura no rexistro contable.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

A Intervención municipal a remitirá ó órgano competente para tramitar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou a prestación do servizo e proceder o resto de actuacións relativos o expediente de recoñecemento da obriga. Cando sexa posible as facturas serán conformadas polo técnico competente ou un funcionario relacionado co servizo do que se trate, non obstante a sinatura da Alcaldía ou concellería correspondente porá de manifesto a certeza da débeda existente.

A Intervención, efectuada a súa labor de fiscalización, elaborará a correspondente relación de facturas para a súa aprobación pola órgano competente, previa ordenación das facturas a incluír nas mencionadas relacións mediante providencia de Alcaldía”.

